



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA SETE DE XUÑO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde –Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día sete de xuño de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/05/2022).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Corrección erros acordo de xustificación e pagamento de subvencións concedidas para o transporte e o ensino do Concello de Vedra. Curso escolar 2021/2022.**

Visto o acordo de aprobación da xustificación e pagamento das axudas concedidas para o ensino e o transporte do concello de Vedra, curso escolar 2021/2022, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día dezanove de abril do ano que andamos, e publicado na páxina web municipal e na sede electrónica (<https://sede.vedra.es>)

Visto que nos expedientes núm. 2021/A003/000033, e núm. 2021/A003/000034, correspondentes ás solicitudes dos irmáns L. e N. D. S. O. respectivamente, se detectaron erros de carácter aritmético no cálculo do importe efectivamente xustificado, xa que xustificaron gastos por un importe total de 366,15 euros, e non 152,00 como consta por erro no acordo.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Corrixir o citado acordo.

Segundo.- Que se proceda ao pagamento do importe pendente de aboamento, que ascende á cantidade de 198,00 euros.

**3º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**



3.1.- Comunicación de obra de dona Carmen Salomé Parada Sobredo. (Expdte. Número 2022/U026/000025)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Carmen Salomé Parada Sobredo para reforma de baño existente en planta alta de vivenda unifamiliar.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000501600NH43C, emprazada en Cimadevila, 5 – Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.  
Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3.2.- Instancia núm. 202299900000428 de don José Luís Castro Munín. (Expdte. prórroga número: 2022/U003/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada (Pontevedra), expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 05/06/2019 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en San Pedro (San Pedro de Sarandón), (Expediente número 2019/U022/000013), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido.

3.3.- Instancia de don Fernando Antonio Rey Rouco. (Expdte. Número 2022/U018/000006)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para agrupamento e parcelamento de fincas en Albela de Arriba (Santa Cruz de Ribadulla), resultando dúas novas parcelas nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Ramón Cañas Aparicio, en calidade de arquitecto, e de data 16/05/2022.

As parcelas atópanse en solo cualificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e parcelamento das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas en Albela de Arriba (Santa Cruz de Ribadulla) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).



Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 02, de 17,75 m<sup>2</sup>. e 43,25m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

#### 3.4.- Comunicación de obra de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expdte. Número 2022/U026/000028)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra achegada por don Roger Fernández Girona, en representación de Solar Profit Energy Services, S.L. para instalación solar fotovoltaica para autoconsumo de 3,42 kWp sobre cuberta de vivenda unifamiliar, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Roger Fernández Girona, en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial, e de data 24/05/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B501003330000TD, emprazada en Paradela, 66 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos trinta e un euros con cincuenta e seis céntimos (#231,56#).

#### 3.5.- Instancia núm. 202299900000403 de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy- UFD (Expdte. Número 2022/U022/000019)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de subministración eléctrica de 9,2KW para vivenda unifamiliar, emprazada en Sales - Sales (San Fins). Proxéctase unha liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAR sobre condutor e final na CPM do solicitante. Canalización de 24 metros de lonxitude. RBT SALES (VEDRA) con SGD: 618522010129, (expediente núm.: 2022/U022/000019), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de Graduado en Enxeñería Eléctrica, cun orzamento provisional de 2.850,57 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Alejandro Fernández Reza e de data 16/05/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta e sete euros con un céntimo (#57,01#)

2.6.- Instancia núm. 202299900000315 de dona Vanessa Abonjo Sánchez e don Francisco Barcala Cao (Expdte. Núm. 2022/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar illada (PB) en Nande, 75–Sales (San Fins) (Expdte. núm.: 2022/U022/000013), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Francisco José Sánchez González, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. plantas: baixa; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta. O orzamento de execución material ascende a 226.996,83 euros e cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090B50230662.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas (AESA) no expediente E22-2698.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Francisco José Sánchez González de data 25/04/2022 e número de visado 2202337,2.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel ca vía e deberase colocarse por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catro mil cincocentos trinta e tres euros con corenta céntimos (#4.533,40#)

### **4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.**

#### 4.1.- Escrito de Yañez, S.L.

Dáse conta do escrito núm. 202299900000420 no que don Pedro Ignacio De María Castellanos, en representación de Yañez, S.L, solicita a devolución da garantía depositada en metálico para responder do contrato de subministración de *Un furgón para o persoal de servizos varios municipais e unha furgoneta para a brigada verde*, financiados parcialmente pola Deputación Provincial (80%), segundo convenio asinado ao efecto (núm. 2017/45).

Visto que as subministracións foron recibidas o 23/08/2017, transcorrido o prazo de garantía establecido no contrato (4 anos), a Xunta de Goberno Local acorda proceder á



devolución da fianza constituída por importe de dous mil cincocentos noventa e seis euros con setenta e cinco céntimos (#2.596,75#)

## **5º.- Aprobación definitiva padróns fiscais taxas exercicio 2022.**

**5.1.-** Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 24/10/2012, BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta do expediente electrónico 2022/X999/000003 instruído polos servizos tributarios municipais para a formación do citado padrón fiscal, en virtude da providencia da Alcaldía de data 20 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2022*, formados unha vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 77, do 25/04/2022).

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas no mencionado período, e antes de someter o Padrón á aprobación definitiva:

- 1.- Resolución da Alcaldía núm. 269/2022, ditada o 10 de maio de 2022, no período de exposición ao público do padrón fiscal provisional aprobado o 19/04/2022 e acordando un cambio de titularidade de liquidación.
- 2.- Resolución da Alcaldía núm. 331/2022, ditada de oficio con data 06/06/2022, acordando o cambio de titularidade de dúas liquidacións, para incorporalas ao Padrón Fiscal definitivo do presente exercicio sen erro no titular.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría-Intervención con data 01/06/2022 e 06/06/2022, indicando que no expediente instruído se cumpriron, respecto da devindicación e esixibilidade da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello; así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente citado e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2022* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zumalave Sorribas, José- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 2.131 (dúas mil cento trinta e unha).

Número de liquidacións con importe igual a cero euros: 1 (unha).

Número total de recibos a emitir: 2.130 (dous mil cento trinta).

Importe total do Padrón: 162.383,00 € (cento sesenta e dous mil trescentos oitenta e tres euros).





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Remitir o citado padrón á Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

**5.2.-** Padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004, modificada por acordo plenario de data 29/10/2020, BOP núm. 222 do 28/12/2020).

Dáse conta do expediente electrónico 2022/X999/000004 instruído polos servizos tributarios municipais para a formación do citado padrón fiscal, en virtude da providencia da Alcaldía de data 21 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2022*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 77, do 25/04/2022).

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas, a instancia de parte interesada, durante o mencionado período de exposición pública do padrón provisional aprobado o 19/04/2022: un cambio de titularidade acordado por Resolución da Alcaldía núm. 244/2022, ditada o 2 de maio.

Dáse conta tamén das actuacións realizadas logo de rematada a exposición pública do padrón provisional e antes da aprobación definitiva: Resolución da Alcaldía núm. 332/2022, ditada de oficio con data 06/06/2022, acordando o cambio de titularidade de dúas liquidacións, para incorporalas ao Padrón Fiscal definitivo do presente exercicio sen erro no titular.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría -Intervención con datas 01/06/2022 e 06/06/2022, indicando que no expediente instruído se cumpriron, respecto da devindicación e esixibilidade da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente citado e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2022* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 611 (seiscentas once).

Número total de recibos a emitir: 611 (seiscentos once).

Importe total do padrón: 41.190,00 € (corenta e un mil cento noventa euros).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Remitir o citado padrón á Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

### 6º.- Aprobación prezos públicos Campamentos de verán 2022.

A vista de que o Concello de Vedra, a través do departamento de Xuventude organiza unha nova campaña de campamentos de verán para o ano 2022, e á vista da documentación que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o prezo público dos campamentos de verán do ano 2022 que se achega como Anexo I.

**SEGUNDO:** Proceder a súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica (<https://sede.vedra.es>)

### 7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de maio:

DECRETO	DATA	ASUNTO
241	02/05/2022	Contratación candidatos/as seleccionados/as PEL – Concellos 2022: 2 oficiais de segunda xardineiros (5 meses; 5 horas/día)
242	02/05/2022	Contratación candidatos/as seleccionados/as PEL – Concellos 2022: 2 oficiais de segunda albaneis (5 meses; 5 horas/día)
243	02/05/2022	Contratación candidatos/as seleccionados/as PEL – Concellos 2022: 1 axudante recollida de lixo (2,5 meses; xornada completa)
244	02/05/2022	Baixa liquidacións 2019-2021 da taxa de sumidoiros por cambio de titularidade no padrón fiscal de inmovible sito na Rúa Francisco Carrillo, a proposta da Deputación
245	02/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
246	02/05/2022	Solicitud de subvención á Política Lingüística 2022
247	02/05/2022	Aprobación certificación nº 5 e última da obra de Ampliación abastecemento Laraño zona sur (Pos + Adicional 1/2019), por importe de 10.455,37 euros
248	02/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F2022.13, por importe de 114.875,56 euros
249	03/05/2022	Reintegro a favor do Tesouro público da Comunidade Autónoma do importe non xustificado relativo ao expediente TR351F 2017/2018-1 (Risga)
250	03/05/2022	Expediente modificación de créditos 2/2022 (xeración)
251	03/05/2022	Denegando praza e inclusión en listaxe de espera Programa Conxuga. Curso escolar 2021/2022
252	03/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
253	04/05/2022	Anulación factura subministración auga potable correspondente á vivenda nº 11 de Gándara –San Fins de Sales por avaría no 1º trimestre de 2022, e emisión de nova factura co importe reducido
254	04/05/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
255	04/05/2022	Aprobación convenio regulador entre o concello e a Asoc.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Galega de Axuda dos enfermos con demencia/alzhéimer (AGADEA9 para o ano 2022)
256	05/05/2022	Aprobación expediente de contratación da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Afós –Eiravedra (POS + Adicional 1/2019), mediante procedemento aberto simplificado
257	05/05/2022	Aprobación listaxe provisional admitidos/as EIM; curso escolar 2022/2023
258	06/05/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, correspondente ao mes de maio de 2022
259	06/05/2022	Aprobación e ordenación devolución de ingreso indebido por duplicado de factura de subministración de auga potable do 4º trimestre de 2021, correspondente á vivenda núm. 2 de Argunte – San Mamede de Ribadulla
260	06/05/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, correspondente ao mes de maio de 2022
261	06/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
262	06/05/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM correspondente ao mes de abril de 2022
263	06/05/2022	Aprobación convenio regulador de subvencións nominativas entre o concello e o Club Escolas Deportivas de Vedra
264	06/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ás primas de seguros incluídos na relación de facturas F.2022.14, por importe de 6.041,58 euros
265	10/05/2022	Aceptación cese con data 13/05 de María Jesús Rosende Otero e denegación de excedencia solicitada por incompatibilidade e/ou prestación de servizos en sector público
266	10/05/2022	Aprobación factura 2022 0018 por Fornecemento e instalación de punto de carga para vehículos eléctricos no Centro de saúde de Vedra, adxudicado a Strelia Electrotécnica S. Coop. Galega (Expdte. 2021/C002/000010)
267	10/05/2022	Aprobación factura 2022 0018 por Fornecemento e instalación de punto de carga para vehículos eléctricos na Estación de ferrocarril de Santa Cruz, adxudicado a Strelia Electrotécnica S. Coop. Galega (exp. 2021/C002/000009)
268	10/05/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente ao mes de maio
269	10/05/2022	Cambio titularidade recibo taxa de lixo vivenda nº 47 de Paradela –San Xián de Sales
270	10/05/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
271	11/05/2022	Adxudicación prazas vacantes no Programa Conxuga, modalidade servizo de madrugadores a ECR/RCR/NCR
272	12/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
273	12/05/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
274	12/05/2022	Aprobación cesión de uso virtual para coworkers no Centro de Emprendemento A Estación
275	12/05/2022	Aprobación modelo de autorización de cesión de uso virtual a entidades sen ánimo de lucro no Centro de Emprendemento A Estación
276	13/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.15 por importe de 133.004,07 euros



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



277	13/05/2022	Contratación dun oficial de segunda tractorista para reforzo do servizo de limpeza e conservación de vías públicas durante cinco meses, mediante chamamento de candidatos seleccionados
278	12/05/2022	Concesión suspensión temporal na EIM a ABR
279	12/05/2022	Baixa no servizo de comedor na EIM de CSM
280	13/05/2022	Aprobación autoliquidación canon da auga do 1º cuadrimestre 2022
281	13/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ás facturas incluídas na relación F.2022.016 por importe de 2.989,67 euros
282	13/05/2022	Aprobación oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización do emprego temporal do Concello de Vedra (Lei 20/2021)
283	18/05/2022	Autorización teletraballo á funcionaria M <sup>a</sup> . Teresa Amenal Junquera dende o 20/05/2022 e condicións do mesmo
284	18/05/2022	Autorización teletraballo á arquitecta técnica dona Clara Lema Rodríguez dende o 20/05/2022 e condicións do mesmo
285	18/05/2022	Autorización teletraballo á funcionaria Nerea Garrido Montenegro dende o 20/05/2022 e condicións do mesmo
286	18/05/2022	Autorización teletraballo á traballadora Vanessa Crespo Souto dende o 23/05/2022 e condicións do mesmo
287	18/05/2022	Autorización teletraballo á funcionaria María Canedo de la Torre dende o 23/05/2022 e condicións do mesmo
288	18/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
289	19/05/2022	Aprobación bases proceso selectivo de persoal do APROL RURAL 2022 (2 xardineiros/as forestais a xornada completa durante 9 meses)
290	19/05/2022	Requirimento limpeza de fincas en Paizás por incumprimento da lei de incendios
291	20/05/2022	Aprobación listaxe definitiva admitidos/as na EIM. Curso 2022/2023
292	20/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.017 por importe de 91.794,30 euros
293	23/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
294	24/05/2022	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 1º trimestre de 2022 por importe de 118,50 euros
295	24/05/2022	Expediente de modificación de créditos 3/2022 (xeración)
296	24/05/2022	Aprobación nóminas do mes de maio
297	24/05/2022	Alta no SAF- Libre concorrencia de ESG
298	24/05/2022	Incoación expediente para xestión de biomasa de parcela sita en Caldelas –Ponte Ulla
299	24/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
300	24/05/2022	Ampliación intensidade SAF –Libre concorrencia a SOC
301	24/05/2022	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, curso 2021-2022 a HCS
302	25/05/2022	Incoación expediente para xestión de biomasa de parcela sita en Matelo – San Xián de Sales
303	25/05/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a MAL
304	27/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2022.019 por



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		importe de 2.574,80 euros
305	27/05/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F.2022.018 por importe de 18.558,32 euros e abonos F.2022.1, F.2022.2 e F.2022.3 por importe total de 122,82 euros
306	25/05/2022	Cambio de xornada de 5 horas a completa da EIM. Curso escolar 2021/2022 a LIC
307	30/05/2022	Adxudicación contrato de servizo de lavado de colectores a Ampro Servizos Ambientales, S.L (Exp. 2022/C002/000007)
308	30/05/2022	Solicitude instalacións xuvenís da Xunta de Galicia para o desenvolvemento dos campamentos de verán 2022
309	31/05/2022	Inicio expediente de contratación do servizo de posta en marcha e xestión integral da piscina municipal tempada de verán 2022 (do 27/06 -31/08) (Expdte. 2022/C002/000008)
310	30/05/2022	División horizontal de vivenda a efectos de padrón municipal de habitantes e cambio de domicilio para o baixo
311	31/05/2022	Alta no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### **8º.- Outros asuntos.**

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.



## ANEXO I

### APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTO VERÁN 2022

#### **Artigo 1. Obxecto.**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2022 nas seguintes modalidades:

- Campamento infantil: para nados e nadas en 2010,2011,2012,2013.
- Campamento xuvenil: para nados e nadas en 2006, 2007, 2008 e 2009.

#### **Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.**

Os pais, tutores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

#### **Artigo 3. Contía.**

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

Campamento infantil	195 €
Campamento xuvenil	195 €

#### **Artigo 4. Normas de xestión.**

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición no campamento. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez finalizado o prazo de presentación de inscricións e previamente ao comezo do campamento.

#### **Artigo 5. Devolución de ingresos.**

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado o campamento.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa de enfermidade.

#### **Artigo 6. Lexislación aplicable.**

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.